

UNIDADE DIDÁCTICA 3ª

Activa oradar

Está en ti

Transforma as desigualdades
de xenero



PRIMERA ACTIVIDADE

“Letra a letra”

Agora teredes que organizarvos en pequenos grupos de 3 ou 4 persoas para responder ás seguintes preguntas:

- Escoitastes falar das siglas LGTBIQ+?
- Que significa cada unha desas letras? E o símbolo +?

LGTBIQ+



Son as siglas de **Lesbianas, Gais, Transexuais, Bissexuais, Intersexuais, Queer e +** (o signo máis representa outras orientacións e identidades sexuais).

Ao debate! E vós...que pensades?

Sabedes cando e por que se celebra o orgullo LGTBIQ+?

Por que pensades que se emprega a bandeira arco iris para representar o colectivo LGTBIQ+?

EXPLICACIÓN

O Día internacional do Orgullo LGBTQ+ celébrase o 28 de Xuño todos os anos dende 1969, ano no que se produciu en Nueva York unha batida policial nun local gai. E é nesta data que o colectivo se rebelou por primeira vez contra a represión institucional e social que sufría.

A bandeira do arco iris emprégase para mostrar que o colectivo loita por un obxectivo común: poder expresar libremente o que son. Ondeou por primeira vez en 1978 no Festival do orgullo de San Francisco (Estados Unidos).

Inicialmente, a bandeira tiña oito cores. Logo reducíronse a sete e finalmente quedouse con seis.

Cada unha simboliza un concepto importante para o colectivo:

- Rosa: a sexualidade
- Vermello: a vida
- Laranxa: a saúde
- Amarelo: o sol
- Verde: a natureza
- Turquesa: a maxia e a arte
- Azul ou índigo: a harmonía e a serenidade
- Violeta: o espírito



As cores que foron eliminadas da bandeira: o rosa ■ e o turquesa ■

SEGUNDA ACTIVIDADE



Que vos di o voso radar TDX sobre a escena do vídeo?



Ficha “Paréceche normal?”

@Ataulfo_2010: Que pinta de mariquita ten o que baila 😂😂😂

@Opetado_11: Si, apunta maneiras, haha

@Domellorciño: A vós parécevos normal o que escribides?

@Son_Areamilla: A ti paréceche normal o dese rapaz?

@Sr_Bro09: O que non vexo normal son os vosos comentarios.

@Coiro: O normal é que as persoas sexamos diversas. Fíxate,

@Son_Areamilla de lonxe parecías ser mellor persoa... e mírate! 💜 🌈

Ao debate! E vós...que pensades?

Que significa “ser normal”?

Algunhas reflexións importantes...

Que é a heteronormatividade?

Á combinación “home-masculinidade” e “muller-feminidade” súmaselle a idea da heterossexualidade como a única forma aceptada para as relacións afectivo-sexuais: a heteronormatividade. Esta considera que o “natural” é a heterossexualidade e, polo tanto, que as persoas deben relacionarse sentimental e sexualmente con persoas do “sexo oposto”. O machismo non só é sustentador das violencias contra as mulleres, senón tamén cara calquera persoa que quebrante os mandatos de xénero.

Así, cómpre sinalar que **a homofobia e a transfobia son violencias machistas.**

Non rexeites ás persoas por non encaixar no que se considera “normal”. Que máis dá por quen se sentan atraídas, como leven o pelo, se vistan,...! As túas accións suman na consecución dunha sociedade máis libre e máis igualitaria.

Practica isto no teu día a día!

TERCEIRA ACTIVIDADE

Seguramente escoitaches
falar de orientación sexual,
identidade de xénero e
outras palabras similares,
pero...

sabedes que significan?



Ficha “Genderbread person”

Que parte do
boneco pensades
que representa
cada unha das
etiquetas colocadas
ao seu carón ?



Sexo

Identidade de
xénero

Orientación sexual

Expresión de
xénero


Explicación

Sexo asignado ao nacer

Muller, home ou intersexual. Determinábase en base ás nosas diferenzas biolóxicas.

Expresión de xénero

A forma en que manifestamos o xénero mediante o noso comportamento e a nosa aparencia. Pode ser masculina, feminina, andróxina, calquera combinación das tres, pero tamén moitas outras. Non sempre se axusta ás ideas que a sociedade considera apropiadas e as persoas que non o fan (homes que son percibidos como “afeminados” ou mulleres consideradas “masculinas”) adoitan ser obxecto de acoso e agresións. **A expresión de xénero dunha persoa non sempre está vinculada co seu sexo biolóxico, a súa identidade de xénero ou a súa orientación sexual.**




Explicación

Identidade de xénero

Vivencia interna e individual de sentir o xénero. Unha persoa pode ter unha identidade de xénero que se corresponde, ou non, co sexo e xénero asignados ao nacer.

Orientación sexual

Atracción física, sexual, romántica ou emocional que sente unha persoa por outras persoas. Pode manifestarse na forma de heterosexualidade, homosexualidade, bisexualidade, etc. **Non garda relación coa identidade de xénero ou a expresión de xénero**



Algunhas reflexións importantes...

Todas as etiquetas que acabamos de ver son independentes entre si e poden ir mudando co tempo: a expresión e a identidade de xénero non están determinadas polo sexo biolóxico, nin tampouco a nosa orientación sexual determina a nosa expresión de xénero.

E a gora que xa sabemos que significan todos estes conceptos... Saberiades dicir **que é a LGTBfobia?**

É o medo, discriminación, rexeitamento, odio e/ou desprezo cara as persoas lesbianas, gais, bisexuais, trans, intersexuais e, en xeral, cara calquera persoa que non cumpra cos roles e mandatos de xénero establecidos. Esta é una actitude e un sentimento aprendido. **Ninguén nace odiando aos demais, apréndese pouco a pouco a través de estereotipos y prexuizos negativos.**

Os chistes, comentarios, miradas, risas e todo o que fai sentir a unha persoa incómoda pola súa orientación ou identidade de xénero son agresión.

Para seguir aprofundando...

* **Actividade “Fai que chegue a máis persoas do cole o radar TDX. Aceptas o reto?”**

1º. Pensa un título para o microvídeo da campaña que acabas de ver.

2º. Elabora un cartel e adórnao como máis che guste.

3º. Colócao no lugar da aula que che indique profesorado.